

## III EDICIÓN DO CERTAME CÓNTAME A TÚA INVESTIGACIÓN!

### BASES

#### Convocatoria

A Universidade da Coruña, como actividade de extensión universitaria e por medio da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, convoca a III edición do Certame *Cóntame a túa investigación!* coa finalidade de promover entre o seu alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia.

#### Definición e obxecto do concurso

1. O certame ten como obxectivo fomentar a comunicación e a divulgación científicas do seu alumnado e deste modo cumprir o compromiso social da universidade como institución xeradora e transmisora de coñecemento. Trátase de realizar un audiovisual en formato de **monólogo científico de tres a cinco minutos** en que se conte de forma divulgativa, atractiva e divertida o contido da súa investigación. Preferentemente, o idioma empregado será o galego.
2. Existen tres categorías de premios:
  - a. Categoría A, para os traballos de fin de grao (TFG).
  - b. Categoría B, para os traballos de fin de mestrado (TFM).
  - c. Categoría C, para as teses de doutoramento (TD).
3. As persoas participantes deben explicar o contido do seu TFG, TFM ou da súa TD nun espazo curto de tempo (mínimo 3 minutos e máximo de 5) cumprindo as pautas e directrices recollidas nas bases deste certame.
4. O formato do certame é o monólogo, pois é un recurso moi utilizado na divulgación científica onde se trata de presentar un tema serio de xeito entretido e ameno. Consiste en utilizar recursos da escena teatral na que só intervén unha persoa que se dirixe a unha audiencia utilizando, por exemplo, a interrogación retórica para incentivar a autorreflexión, ou pode falar para si mesma buscando a introspección en voz alta, mostrando as súas ideas, pensamentos e emocións ante o público. Primárase a naturalidade, a espontaneidade, a capacidade de manter a atención do/a espectador/a e os recursos artísticos propios das artes escénicas utilizadas.

#### Requisitos das persoas participantes

5. Poderá participar todo o estudiantado que no curso académico 2023-2024 defendeu o seu TFG, TFM ou a súa TD na Universidade da Coruña (UDC). As solicitudes daquelas persoas participantes que non cumpran con esta condición serán desestimadas.
6. As solicitudes deberán contar co visto e prace da persoa que dirixiu o TFG, TFM ou TD e garantir que a información proporcionada no audiovisual é susceptible de difusión pública. Se as investigacións estivesen vinculadas a algún acordo de



confidencialidade, as persoas participantes deberán contrastar coas partes implicadas os contidos que se utilizan e pretenden transmitir para poder concorrer.

7. A UDC non se responsabilizará das infraccións que puideren derivarse dun hipotético incumprimento do estipulado no punto anterior.

### Criterios para conceder os premios

8. Cada autor ou autora poderá presentar un máximo dun audiovisual por cada categoría, que deberán ser orixinais e inéditos.
9. Valorarase a creatividade, a orixinalidade, a calidade da gravación, o uso do galego como lingua vehicular e o uso dunha linguaxe inclusiva e sinxela que evite o uso de tecnicismos. Os audiovisuais non deberán conter ningún tipo de expresión non respectuosa.
10. Recoñeceranse os audiovisuais que se axeiten ao formato do certame, é dicir, aqueles que cumpran uns requisitos mínimos para ser considerados un monólogo científico.
11. As persoas participantes terán que ser propietarias das imaxes que se utilicen, ter dereito á súa explotación ou respectar as condicións das licenzas de uso público para evitar posibles reclamacións de terceiros.

### Premios

12. Establécese un premio por cada categoría:

Categoría A: 200 euros.

Categoría B: 300 euros.

Categoría C: 400 euros.

O xurado poderá declarar deserto calquera das categorías, en función da calidade dos audiovisuais presentados. Aquelas pezas que resulten premiadas serán publicadas na canle de YouTube da UDC.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria **170A.422D.48002**. A dotación total para os premios é de **900 euros** e aboarase mediante unha transferencia a nome da persoa interesada.

13. As persoas gañadoras recibirán tamén un diploma acreditativo.
14. As persoas gañadoras autorizan a UDC para que dispoña dos dereitos de reprodución e divulgación pública; a Universidade fará constar en todo momento a autoría correspondente.

### Xurado

15. O xurado da III edición do certame *Cóntame a túa investigación!* está formado polos seguintes membros:

*Presidenta:*



M.<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro, vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte da UDC ou persoa en quen delegue.

*Vogais:*

Xesús M. Mosquera Carregal, técnico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

Alicia Quintá Carnero, xefa do Gabinete de Comunicación da UDC ou persoa en quen delegue.

Teresa Piñeiro Otero, adxunta de Comunicación da UDC.

*Secretaria:*

Yolanda Gólfias Pérez, coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC.

A resolución do xurado é inapelable e os premios poderán ser declarados desertos, pero non *ex aequo*.

### Presentación das solicitudes

16. Os audiovisuais deben presentarse en formatos MOV, MPEG, AVI ou MP4. O seu tamaño non debe exceder dun xigabyte e debe nomearse co nome, apelidos da persoa participante e categoría a que se presenta (por exemplo: NomeApelidosCategoríaA.mov).
17. As persoas participantes deberán cubrir e subir o ficheiro a través do seguinte formulario desta ligazón: <https://forms.office.com/e/xZtzvxDtSp> e unha vez feito isto, debe presentar unha solicitude dirixida á Sección de Extensión Universitaria, preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña (provisionalmente na Zapateira) ou do campus de Ferrol (rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
18. Na solicitude do rexistro deberase incluír o nome completo da persoa participante, o seu DNI, o número de teléfono de contacto persoal, o seu correo electrónico (o oficial da UDC) e a categoría pola que se presenta.
19. O prazo de presentación das solicitudes acompañadas dos traballos comeza coa publicación destas bases na Sede Electrónica e remata o día **13 de febreiro de 2025 ás 14:00 h.** Os nomes das persoas gañadoras publicaranse na páxina web da UDC.
20. A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra destas bases. Calquera eventualidade non prevista nelas será resolta polo xurado.
21. Para calquera dúbida ou aclaración deste certame pode dirixirse ao correo electrónico da coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC: [divulgacion.vdcd@udc.gal](mailto:divulgacion.vdcd@udc.gal)

## Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado “Outros trámites”.
- b) Mediante unha solicitude por escrito dirixida ao/á responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), ben ao enderezo postal Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <[rpdp@udc.gal](mailto:rpdp@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <[dspd@udc.gal](mailto:dspd@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).